



**RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO
POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS,
COA PUNTUACIÓN DEFINITIVA, PARA O OUTORGAMENTO DO PERMEX DE
POLIQUETOS PARA EMBARCACIÓN NA MODALIDADE DE MERGULLO EN APNEA E
CON SUBMINISTRACIÓN DE AIRE DENDE SUPERFICIE AO ABEIRO DO PLAN DE
EXPLOTACIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE
VILANOVA DE AROUSA APROBADO PARA O TRIENIO 2022 - 2024**

ANTECEDENTES

1. A Orde de 22 de decembro de 2021 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024.

A Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa ten aprobado un plan de xestión de poliquetos mediante mergullo, en apnea e con subministro de aire dende superficie (PE410A 2021/20-5), para o período 2022-2024, que establece un número máximo de dúas (2) embarcacións e dous (2) mergulladores durante o seu desenvolvemento.

Trala adaptación de medidas do plan mediante Resolución da Xefatura Territorial de Vigo do 3 de maio de 2023, estableceuse un número máximo de catro (4) embarcacións e catro (4) mergulladores para os anos 2023 e 2024.

2. A Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa, solicita o día 30 de maio de 2023 o inicio dun proceso selectivo para outorgamento de permisos de explotación de poliquetos para dúas (2) embarcacións e dous (2) mergulladores.

3. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo do 02 de xaneiro de 2024 abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de anemone para dúas (2) embarcacións, cun máximo de dúas (2) cotas por embarcación para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de poliquetos mediante mergullo, en apnea e con subministro de aire dende superficie da Confraría de Vilanova de Arousa.

4. Rematado o prazo de presentación das solicitudes constátase que se presentaron dúas (2) solicitudes ao proceso selectivo.

5. Mediante resolución do 5 de febreiro de 2024 da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo publicouse a lista de aspirantes admitidos no proceso selectivo, e abriuse un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións. Non houbo solicitude excluídas do proceso.

6. Non prazo establecido non se presentaron alegacións.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizárase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.
4. A Xefatura Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembre de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Aprobar a relación das embarcacións seleccionadas, para a obtención do permex de poliquetos mediante mergullo, en apnea e con subministro de aire dende superficie, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa (ANEXO I).

2. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas presenten a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) **Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.
- b) **Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizárase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).





- c) **No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes** ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.
- d) **Certificación da confraría** de pescadores respecto da súa pertenza como asociado.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

Ademais, de acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- a) A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento de obtención da modalidade.
- b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015)

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos



ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención da modalidade de **Poliquetos** ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, mediante mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Vilanova de Arousa.

EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS:

(ordenadas por puntuación)

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1.EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2.HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLÚIDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4.NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN	6. PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
O AREA	CO-7-2958	0,00	2,50	3,00	2,00	0,25	0,00	7,75
MAPAZ	VILL-3-8496	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00

